

Resolución da Presidencia de 4 de decembro de 2024 de autorización da actuación concorrente da presidenta do tribunal cualificador e o seu suplente nas probas selectivas para ingresar por oposición libre en catro prazas do corpo administrativo do Parlamento de Galicia, das cales unha está reservada á quenda de persoas con discapacidade.

O tribunal cualificador das probas selectivas para ingresar por oposición libre en catro prazas do corpo administrativo do Parlamento de Galicia, das cales unha está reservada á quenda de persoas con discapacidade, nomeado por Resolución desta Presidencia do 12 de novembro de 2024, publicada no BOPG nº 115, do 13 de novembro de 2024 e asemade no portal de transparencia da Institución, acordou, na súa reunión do 22 de novembro de 2024, solicitar desta Presidencia a actuación concorrente da presidenta e o seu suplente, debido á metodoloxía de traballo establecida e polo alto número de aspirantes ás probas.

Á vista da antedita solicitude do tribunal, en virtude das competencias que me confire o artigo 4 do Regulamento de organización e funcionamento da Administración do Parlamento de Galicia,

RESOLVO:

1º Autorizar a actuación concorrente da presidenta e o seu suplente no tribunal cualificador das probas selectivas para ingresar por oposición libre en catro prazas do corpo administrativo do Parlamento de Galicia, das cales unha está reservada á quenda de persoas con discapacidade, convocadas por acordo da Mesa do Parlamento do 9 de abril de 2024 e publicada a convocatoria o 22 de abril de 2024 no BOPG nº 15 e DOGA nº 79 respectivamente.

2º.- Unicamente poderá exercer o seu dereito ao voto a presidenta titular do tribunal, ou o suplente cando a substitúa. Naquelas reunións nas que concorran a presidenta titular e o seu suplente, este último só votará cando actúe suplindo a titular e en ningún caso cando titular e suplente se encontren presentes. Nas ditas reunións o suplente terá voz.

3º Comunicarlle esta resolución á Presidenta do tribunal e á Intervención e publicala no portal de transparencia.

Santiago de Compostela, 9 de decembro de 2024

O Presidente do Parlamento

Miguel Angel Santalices Vieira